

# O BNG esixe que se garanta o acceso ao Panteón dos Galegos Ilustres, que a Igrexa quere pechar

**REDACCIÓN**

**GALICIA**

cultura@xornaldegalicia.com

A voceira de cultura do grupo parlamentario do BNG, Ana Pontón, formulará unha pregunta oral no próximo pleno da Cámara galega, os próximos días 22 e 23 de xuño, co obxectivo de coñecer as intencións do Goberno galego ante o peche ao público do Panteón dos Galegos Ilustres e pedir que “garanta” este acceso. Na iniciativa, Ana Pontón recordará que recentemente se fixo

pública a intención do Arcebispo de Santiago de Compostela de pechar as portas do panteón de xeito definitivo despois dun “longo litixio” que lle outorga a titularidade á Igrexa.

Neste sentido, a deputada nacionalista afirma que este “espazo emblemático” é “patrimonio de todos os galegos” e non pode “ser pechado”, polo que insta á Xunta a “actuar de xeito inmediato” nunha “dobre dirección”: evitar o peche das súas portas ao público e garantir a titularidad pública do panteón.

Por outro lado, os nacionalistas tamén presentarán unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados a través do parlamentario Francisco Jorquera na que se demanda do Goberno español un trato equitativo para todas as literaturas existentes no Estado “fronte á tendencia de considerar só a literatura en castelán”.

O deputado do BNG recolle na súa iniciativa as demandas da Federación Galeusca, que aglutina máis de 2.000 escritores en lingua galega, catalá e vasca, e que reclaman

un trato equivalente ao que recibe a literatura en castelán. Este ano é a Asociación de Escritores en Lingua Galega quen preside Galeusca.

“A pesar da cooficialidade destas linguas”, explica Jorquera na proposición non de lei, “a realidade é que continúan nun estatus de inferioridade e non gozan do mesmo amparo por parte da Administración do Estado. O Ministerio de Cultura debe reequilibrar as súas actuacións sen refuxiarse na escusa das transferencias ás comunidades autónomas”. ■

XORNAL DE GALICIA | CULTURA  
LUNS. 21 DE XUNO DE 2010

Xornal  
DIARIO DE GALICIA